# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15032959 | CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel | Carral | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | Lingua Estranxeira - Inglés | 1º Pri. | 2 | 70 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 15 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 16 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 17 |
| 7.2. Actividades complementarias | 17 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 17 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 18 |
| 9. Outros apartados | 19 |

## 1. Introdución

A área de inglés tratará de abordar no primeiro curso da educación primaria contidos relacionados coa súa contorna máis próxima, levando a cabo unha ensinanza activa e motivadora, dándolle énfase á oralidade e adquisición de estruturas sinxelas e vocabulario enriquecedor.
O noso alumnado está, na súa maioría, motivado cara a aprendizaxe da lingua estranxeira.
Neste curso escolar, en 1º de Ed. primaria hai 50 alumnos divididos en tres grupos: 1ºA 17, 1ºB 17, 1ºC 16.
As sesións de lingua estranxeira serán impartidas nas aulas dos diferentes grupos, que están dotadas cos medios audiovisuais necesarios.
Estableceranse as medidas de atención a diversidade necesarias, así como os medios necesarios (en colaboración cos titores, departamento de orientación e Dirección do centro) para compensar as desigualdades que poida haber.
A área de lingua estranxeira traballarase en coordinación coa Ed. Plástica e Visual, por ser, dende este curso, centro plurilingüe. Por isto mesmo, contaremos cunha auxiliar de conversa durante unha parte do curso que apoiará o traballado en inglés.
Unha parte das sesións de lingua estranxeira adicarase a traballar os sons da lingua inglesa (Phonics)como base do proceso lecto-escritor.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |
| OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | 1 | 4 |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | | 3 | 3 | 1-3 | |
| OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas. | | 2 | 1 | 2 | 1-4-5 | | 3 | |
| OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais. | 5 | 3 | | | 1-3 | 2-3 | | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Are you ready? It's English time | Introdución de rutinas diarias na aula de inglés (saúdos, cores, tempo atmosférico, emocións e números), linguaxe de aula, sons da lingua inglesa, | 15 | 14 | X | | |
| 2 | Yummy, yummy! | Falar da comida, opcións alimenticias saudables e os seus gustos respecto á comida, platos típicos en relacióna festividades... | 15 | 12 | | | X |
| 3 | All about us! | Traballamos as partes da cara e do corpo, facer e respostar preguntas sobre sí mesmos, os seus gustos (xoguetes, ...) | 20 | 12 | X | | |
| 4 | Families, families | Falar dos diferentes tipos de familias, respostar preguntas sobre elas. | 15 | 10 | | X | |
| 5 | Exploring the animal world | Falar dos animais de diferentes habitats, describilos... | 15 | 11 | | X | |
| 6 | Can you do it? | Nomear diferentes accións, relacionalas con actividades ao aire libre, deportes... e falar do que saben e non saben facer. | 20 | 11 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Are you ready? It's English time | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Coñecer polo menos 3 fenómenos atmosféricos (sunny, cloudy, rainy) e 6 cores (red, yellow, blue, green, orange, black) | PE | 20 |
| CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. | Dicir o seu nome e a súa cor favorita. | TI | 80 |
| CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | Participa oralmente e/ ou mediante xestos nas cancións, rimas, ... | | |
| CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación. | Ser quen de saudar e despedirse empregando as fórmulas aprendidas. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento. | Identificar na súa lingua o vocabulario básico aprendido (cores, tempo, números 0-10) en inglés. | | |
| CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais. | Amosar interese en aprender sobre a lingua e a cultura anglosaxona: Halloween | | |
| CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais. | Amosar interese e curiosidade polas aportacións culturais e lingüísticas por parte da auxiliar de conversa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br><br>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas |

| Contidos |
|---|
| - sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. |
| - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. |
| - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. |
| - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. |
| - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. |
| - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. |
| - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. |
| - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). |
| - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. |
| - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Yummy, yummy! | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Identificar nomes dos alimentos traballados (milk, bananas, strawberries, apples, oranges, sandwich, ham, cheese, bread, tomatoes) | PE | 20 |
| CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. | Responde e fala dos seus gustos alimenticios (Do you like...? /I like.../ I don't like...) | TI | 80 |
| CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Reproducir estruturas previamente automatizadas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente | | |
| CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación. | Saudar, despedirse, dar grazas e pedir disculpas empregando as fórmulas aprendidas. | | |
| CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Interpretar información básica con axuda. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento. | Identificar na súa lingua o vocabulario básico aprendido en inglés | | |
| CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Aplicar de forma guiada estratexias de mellora. | | |
| CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais. | Amosar interese e respeto polas intervencións dos compañeiros. | | |
| CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais. | Amosar interese e curiosidade polas aportacións culturais e lingüísticas por parte da auxiliar de conversa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. |
| - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. |
| - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. |
| - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. |
| - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. |
| - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. |

| Contidos |
|---|
| - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.<br>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).<br>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.<br>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | All about us! | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Identificar as partes básicas da cara (eyes, mouth,nose, ears, hair, face) e do corpo (arms, legs,  head, hands, feet). | PE | 20 |
| CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. | Responder a preguntas básicas sobre o corpo (cor, número)- How many...? What colour is...? | TI | 80 |
| CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Reproducir estruturas previamente automatizadas. | | |
| CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | Participar oralmente e/ ou mediante xestos nas cancións, rimas, ... | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación. | Ser quen de saudar e despedirse empregando as fórmulas aprendidas. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento. | Identificar na súa lingua o vocabulario básico aprendido (cores, tempo, números 0-10) en inglés. | | |
| CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais. | Amosar interese en aprender sobre a lingua e a cultura anglosaxona. | | |
| CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais. | Amosar interese e curiosidade polas aportacións culturais e lingüísticas por parte da auxiliar de conversa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.<br>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.<br>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.<br>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.<br>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.<br>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.<br>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).<br>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.<br>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Families, families | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Identificar os membros da familia (mum, dad, brother, sister, granny, grandad) | PE | 20 |
| CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. | Responder a preguntas básicas sobre a familia_ Who's...? This is ... | TI | 80 |
| CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Reproducir estruturas previamente automatizadas. | | |
| CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | Participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente | | |
| CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación. | Saudar, despedirse e dar as grazas empregando as fórmulas aprendidas. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento. | Identificar na súa lingua o vocabulario básico aprendido (cores, tempo, números 0-12) en inglés. | | |
| CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais. | Amosar interese en aprender sobre a lingua e a cultura anglosaxona. | | |
| CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais. | Amosar interese e curiosidade polas aportacións culturais e lingüísticas por parte da auxiliar de conversa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.<br>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.<br>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.<br>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.<br>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.<br>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).<br>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.<br>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Exploring the animal world | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Identificar os nomes dos animais traballados (dog, cat, cow, horse, duck, lion, bear, tiger, elephant, monkey)., o seu tamaño (big-small(long-short), e algunhas partes do corpo (legs, tail) | PE | 20 |
| CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. | Responder a preguntas básicas sobre os animais traballados: cor, tamaño, descrición corporal. | TI | 80 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Reproducir estruturas previamente automatizadas. | | |
| CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | Participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente. | | |
| CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación. | Saudar, despedirse, dar a grazas empregando as fórmulas traballadas. | | |
| CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Interpretar  de forma guiada información básica. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento. | Identificar na súa lingua o vocabulario básico aprendido | | |
| CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. | Identificar o seu progreso de forma guiada | | |
| CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais. | Amosar interese en aprender sobre a lingua e a cultura anglosaxona. | | |
| CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais. | Amosar interese e curiosidade polas aportacións culturais e lingüísticas por parte da auxiliar de conversa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.<br>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.<br>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, |

| Contidos |
| --- |
| - sinxelos e contextualizados.<br>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.<br>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.<br>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).<br>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.<br>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 6 | Can you do it? | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Identificar accións e movementos básicos (jump, run, walk, climb, dance, swing) | PE | 20 |
| CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. | Expresar oralmente frases curtas e sinxelas empregando a estrutura "Can you...? I can/I can't. | TI | 80 |
| CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Aplicar estruturas previamente automatizadas. | | |
| CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | Participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación. | Saudar, despedirse, dar as grazas e pedir por favor coas fórmulas traballadas. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento. | Identificar na súa lingua o vocabulario básico aprendido en inglés. | | |
| CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Aplicar de forma guiada estratexias de mellora. | | |
| CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais. | Amosar interese e respeto polas intervencións dos compañeiros. | | |
| CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais. | Amosar interese e curiosidade polas aportacións culturais e lingüísticas por parte da auxiliar de conversa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.<br>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.<br>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.<br>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.<br>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.<br>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.<br>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).<br>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.<br>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e |

| Contidos |
|---|
| - ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, dos elementos transversais e dos obxectivos da etapa. Están pensadas ademais para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, polo menos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.
En cada sesión adicarase un tempo ás rutinas (vocabulario relacionado co tempo, as cores, as emocións, o dia da semana, ....). Farase de xeito oral e, progresivamente iranse incorporando novo léxico, novas estruturas, ...É unha forma de traballar o aprendido nun contexto real así como de axudar a que o alumnado gañe confianza ao ir, pouco a pouco, sendo quen de comprender e expresar máis cousas na lingua estranxeira. Así mesmo, estas rutinas serven para traballar a escoita activa, a atención, a memoria, ... habilidades imprescindibles para a aprendizaxe dunha lingua.
As cancións, as rimas, as historias e os xogos serán elementos chave para abordar diferentes temas e formarán parte dos diferentes tipos de actividades.
O apoio entre compañeiros xoga un papel esencial no desenvolvemento das clases ao tratarse dunha lingua que aprendemos coa fin de comunicarnos, polo que se vai fomentar o traballo en parellas e en grupos.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos das aulas: Reproductor de audio. Pizarra dixital. Ordenador. |
| Recursos do Mestre:  Proposta curricular. Programacións anual, de cada unidade e diario de clase. Audio CD. incluindo as cancións, actividades de audio e contos de cada unidade. DVD, tanto do método escollido como de outras historias/temas programados. Pósters. Xoguetes que sirvan de apoio ao desenvolvemento das sesións impulsando a práctica da linguaxe en clase. Flashcards que abarquen o vocabulario chave das diferentes unidades. Story cards. Dicionarios. Resource Book, libro de recursos do mestre incluindo materiais para ¿fast finishers¿, reforzo, ampliación e imprevistos. |
| Materiais compartidos na rede e páxinas web, como, por exemplo:  http://www.enchantedlearning.com http://www.britishcouncil.org http://www.youtube.com http://www.bbc.co.uk http://www.learningchocolate.com http://www.twinkl.com http://www. eslkidsworld.com http://www.kidzone.ws http://www.dltk-kids.com http://www.learningchocolate.com http://www.angles365.com http://www.mes-games.com |
| Ademais, empregarase como recurso, na páxina web do centro (na Aula Virtual do centro), unha sección específica para esta materia. Nesta o alumnado poderá acceder a:  -recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas -ligazóns de interese relacionadas coa materia (vídeos, cancións...) |

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Unha vez revisados informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba de comprensión oral co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; tendo en conta tamén a información proporcionada por parte do equipo docente do curso anterior.
Esta avaliación inicial levarase a cabo na 2ª e/ou 3ª semana, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta o nivel de adquisición dos estándares do nivel anterior e as posibles dificultades, así como as súas motivacións, expectativas e intereses para adaptar a metodoloxía ás características concretas do mesmo.
Dita proba consistirá nunha tarefa de comprensión oral para comprobar os coñecementos da materia correspondentes ao curso anterior. Os seus resultados reflectiranse nunha folla de observación e non terá valor cuantitativo.
En caso de observar algunha necesidade específica adoptaranse medidas específicas para os estudantes que o poidan precisar.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **15** | **15** | **20** | **15** | **15** | **20** | **100** |
| **Proba escrita** | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | **20** |
| **Táboa de indicadores** | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | **80** |

**Criterios de cualificación:**

6 unidades didácticas
1ºTrimestre 28 sesións. UD 1 (15%), 2 (15%) Peso na materia: 30%
2º Trimestre 22 sesións UD 3(15%), 4 (15%) Peso na materia: 30%
4º Trimestre 20 sesións UD 5(20%),6 (20%) Peso na materia: 40%

**Criterios de recuperación:**

Non de aplicación en Educación Primaria

## 6. Medidas de atención á diversidade

Teremos en conta que existe unha grande variedade de experiencias e habilidades por parte do alumnado. Os nenos e nenas
aprenden a ritmos diferentes , teñen habilidades diferentes e contan con estimulacións tamén distintas. Atenderase á diversidade de distintas maneiras:
- O desenvolvemento das sesións da unidade terán un enfoque integrador, acercando ao alumnado a situacións contextualizadas da súa propia experiencia ou dos seus coñecementos previos, alternando actividades de diversa natureza (observación, comprensión, expresión, reflexión, valoración, creación, aplicación, investigación) a través da actuación do mestre (motivación, explicacións, exemplificacións, preguntas, propostas de tarefas, etc.) e coa participación activa do alumnado.

No proceso de ensinanza-aprendizaxe favorecerase a atención individualizada sen esquecer que o traballo en grupo ou en parellas fomenta a cooperación e a axuda entre compañeiros (peer-scaffolding).
- Programaranse actividades baseadas no DUA, proporcionando diferentes tipos de andamiaxe e permitindo así a participación dos alumnos independentemente do seu nivel.
- Elaboraranse materiais para apoiar os alumnos que o precisen.
- Para asegurarse de que todos os alumnos participen na clase é importante modificar o nivel de resposta que se espera do alumnado.
- Ao longo do proceso educativo estimularase aos alumnos  e alumnas a través do emprego do reforzo positivo, valorando os éxitos que vaian logrando cada alumno e alumna.
- Os sistemas de agrupamento adecuaranse ao tipo de actividades que se pretende desenvolver, incluíndo o grupo de clase, o traballo individual, os pequenos grupos e as parellas.
- E por suposto, de ser necesario, elaboraranse programas de apoio ou reforzo no momento de detectarse problemas.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Fomento da creatividade, espíritu científico e emprendemento | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible. | | X | | | X | |
| ET.4 - Educación pola igualdade, respeto polos dereitos e a eliminación de estereotipos. | | | X | X | | X |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Storyteller | Dende a área de lingua estranxeira, contribuiremos á PDI do centro traballando diferentes contos infantís tradicionais. | | | |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Progreso global do alumnado en base ao seu nivel inicial, distribución dos contidos ao longo da programación, nivel de satisfacción do alumnado coas actividades, optimización de recursos (materiais, persoais), adecuación da metodoloxía ás características do alumnado, adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación empregados, atención ao alumnado NEAE e eficacia das medidas de atención á diversidade propostas, temporalización, traballo en equipo, valoración global do alumnado positiva. |

| |
|---|
| Funcionalidade da programación. |
| Coherencia entre os obxectivos e os contidos. |
| Procedementos de avaliación. |
| En liñas xerais farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro. |
| Metodoloxía empregada |
| Actividades adecuadas. |
| Estilo de ensinanza. |
| Rol do docente. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Temporalización. |
| Organización dos recursos materiais. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Medidas de atención á diversidade. |
| Clima de traballo na aula |
| Motivación do alumnado. |

**Descrición:**

En liñas xerais farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.
Valoraranse propostas de cambio ou mellora na programación didáctica de cara á elaboración das dos seguintes cursos.
Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:
1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
-Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
-No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
-Grao de cumprimento da PD con caráter xeral dos indicadores de logro desta.
-Propostas xerais de mellora e outras observacións.

## 9. Outros apartados